

[REGULAMENTO DO SERV.MUNICIP.AXUDA A DOMICILIO \(BOP 6/9/95\)
MODIFICADA BOP \(03-12-1999\) PLENO 24.09.99](#)

REFORMA E AMPLIACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE AXUDA
NO FOGAR.-

CAPITULO I.-

OBXECTO, AMBITO E INTERPRETACIÓN.-

ART. 1.- O presente regulamento ten por obxecto a regulación dentro do termino Municipal de Caldas de Reis da prestación de Axuda no Fogar (SAF) que no marco da lexislación vixente compete a este Concello.

Este regulamento inscríbese dentro do ámbito da Aplicación da Lei 4/1993, de 14 de abril, do Servicos Sociais, da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, do Decreto 240/95, do 28 de xullo, polo que se regulan os Servicos de Atención Primaria, e da Orde de 22 de xullo de 1996 do Servico de Axuda no Fogar.

ART. 2.- A interpretación deste regulamento e competencia dos órganos de goberno deste Concello.

ART. 3.- Ó Concello correspóndelle desenvolver ademais da prestación do Servico, a dirección técnica do mesmo, a recollida e tratamento de información derivada das súas intervencións para a toma de decisións tanto en relación cas variacións nas prestacións como na planificación e programación, perfeccionamento e apoio os profesionais que prestan os servicos, a captación e formación do persoal voluntario e a inspección e avaliación da calidade dos servicos prestados.

A modalidade de xestión do servico directa, indirecta ou mixta, pode prestarse a través das diferentes modalidades reguladas na normativa vixente sobre contratación administrativa e do concerto de conformidade co Título III da Lei 4/93 do 14 de abril, de Servicos Sociais da Comunidade Autónoma Galega.

CAPITULO II.-

OBXECTIVOS.-

ART. 4.- O Servico de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora a individuos e familias no seu fogar, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía, por motivos de índole físico, psíquico ou social, facilitando a permanencia no seu propio entorno e mellorando a súa calidade de vida.

A axuda no fogar é un servico público que ten a consideración de prestación básica, de Servicos Sociais de Atención Primaria inserta no sistema integrado de servicos sociais, de carácter complementario e transitorio que non exime as familias das súas responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que a través de persoal cualificado e supervisado presta, a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións ou cuidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, a familias e persoas con dificultades para procura-lo seu benestar físico, psíquico e/ou social, proporcionándolle a posibilidade de continuar no seu entorno natural e a participación na vida comunitaria, mentras iso sexa posible e conveniente.

ART. 5.- Obxectivos específicos. Entre os obxectivos específicos do SAF están:

- ◆ Prever situacións de crisis persoal ou familiar, prestando unha serie de atencións de carácter doméstico e social a aquelas persoas que se atopan en situación de falla de autonomía persoal e integración no seu medio habitual.
- ◆ Facilitar a convivencia así como evita-lo desarraigo e a institucionalización innecesaria das persoas.
- ◆ Promove-las habilidades sociais e culturais e hábitos hixiénicos e sanitarios que contribúan a mellora-las súas condicións de vida.

CAPITULO III.-

CONTIDO E FUNCIÓNS DO SAF.-

ART. 6.- A axuda no fogar ten por obxectivo a prestación dunha serie de servicos tales como:

1. Servicos domésticos e persoais que comprenden o servico de limpeza da vivenda, lavado, e pasa-lo ferro a roupa, realización de compras, preparación das comidas, aseo persoal e outros de natureza análoga ou complementaria dos anteriores que poidera necesita-lo beneficiario para o seu total desenvolvemento. Para levar a cabo estas actuacións o usuario deberá contar ou proveerse dos medios necesarios. No seu defecto, os servicos sociais competentes poderan xestionar os recursos axeitados para que ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente tales como servicos e comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

2. Atención social tanto no referido ás prestacións básicas como servicios especializados en coordinación co persoal dos servicios sociais de atención primaria.
 3. Atención psicosocial para o desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos de recuperación.
 4. De apoio persoal e afectivo procurando axuda nas situacións de conflito psicofamiliar, o contacto destas persoas co medio exterior, e o mantemento das relacións interpersoais. Esta actividade desenvolverase preferentemente a través do voluntariado.
 5. Actividades culturais, terapia ocupacional, e compañía no fogar.
 6. Coordinación cos servicios médicos, de enfermería e de atención dos servicios sanitarios básicos (pequenas curas, control da medicación) baixo supervisión.
 7. Outros servicios non contemplados nos apartados anteriores que poidan ser incluídos con carácter específico para acadar os obxectivos deste programa.
- Todos estos servicios poden ser compatibles entre eles.

CAPITULO IV.-

BENEFICIARIOS E REQUISITOS DE ACCESO.-

ART.7.- Beneficiarios. Poderán ser beneficiarios do SAF:

- ◆ Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptible de mellorar cunha atención no fogar.
- ◆ Persoas maiores, con certo nivel de dependencia que non teñan a ninguen que os atendan suficientemente e que con esta axuda, poidan seguir vivindo no seu fogar.
- ◆ Persoas con minusvalidez ou incapacidade ás que a axuda no fogar lles poida favorecer a súa autonomía.
- ◆ Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou que por outros motivos precisen de axuda.
- ◆ Menores os que houbera que coidar ou atender puntualmente por ausencia dos pais ou titores por circunstancias provisionais de enfermidade o outros motivos suficientemente xustificadas, sempre que existan outras persoas reponsables no fogar.
- ◆ Persoas pertencentes a colectivos específicos que están en situacións de risco ou exclusión social.
- ◆ En xeral cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada técnicamente que xustifique a intervención do servicio.

Art. 8.- Para ó acceso o servicio deberanse reunir os seguintes requisitos:

- ◆ Estar empadroados no Concello de Caldas de Reis cunha antigüidade mínima dun ano. Este tempo poderá obviarse no caso de empadroados na vila que acolleran os familiares directos residentes noutros municipios por circunstancias sociais que avalara o técnico dos servicios sociais no momento de formular a proposta correspondente.
- ◆ Atoparse nunha situación de necesidade social á que o solicitante non poida facer fronte polos seus propios medios e poida ser atendido con algún dos servicios que constitúen o contido da axuda no fogar e que quedan reflexados neste regulamento e na Orde do 22 do 7 de 1996 pola que se regula o SAF.
- ◆ Conta-lo solicitante, cun domicilio que reúna as mínimas condicións de habitabilidade, valorándose o estado e equipamento da vivenda, os recursos disponibles no seu entorno e o acceso os mesmos.
- ◆ Aboar no seu caso ó Concello a cuota establecida na Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo público para a prestación do SAF.

CAPITULO V.-

PROCEDEMENTO.-

ART. 9 .- O procedemento da tramitación do SAF iníciase coa presentación da solicitude, segundo modelo normalizado, suscrita pola persoa que formule a demanda do servicio, o seu representante legal, algún familiar ou persoa autorizada, no rexistro xeral do Concello acompañada da documentación seguinte:

- ◆ Fotocopia do DNI e/ou NIF da persoa para a que se solicita SAF.
- ◆ Fotocopia da cartilla de asistencia sanitaria do beneficiario.
- ◆ Fotocopia compulsada da última declaración de renda.
- ◆ No caso de non face-la declaración: certificado de facenda negativo do IRPF e IAE.
- ◆ Certificado do INSS ou da Entidade pagadora da pensión sobre pensións.
- ◆ Informe da Tesourería Xeral da Seguridade Social da Vida Laboral.
- ◆ Declaración responsable dos ingresos de tódalas persoas que compoñen a unidade familiar cando non existan outros documentos que poidan acreditarlo.
- ◆ Informe do padrón de bens inmoables, urbanos e rústicos.

- ◆ Fotocopia compulsada da certificación bancaria dos intereses e retencións, así como do saldo medio do derradeiro ano de cada unha das contas correntes ou libretas de aforro.
- ◆ Fotocopia compulsada do recibo sobre bens inmobles, no caso de encontrarse pagando a vivenda, fotocopia do recibo de amortización correspondente.
- ◆ Fotocopia compulsada do recibo de aluguer.
- ◆ Informes médicos do solicitante e das persoas da unidade familiar que estén en situación de enfermidade.
- ◆ Os Servizos Sociais poderán solicitar calquer documentación ou aclaración que consideren necesarios.

Unha vez presentada toda a documentación requirida, a Diplomada Universitaria no Traballo Social realizará a avaliación correspondente, axustándose ó modelo adxunto (AnexoII), no cal quedará reflexada a proposta da concesión ou denegación do SAF, así coma a puntuación alcanzada.

ART. 10.- A avaliación das solicitudes axustarase o seguinte baremo:

A.- DE INDEPENDENCIA PESOAL.- Para avaliar o grado de independencia persoal na realización das actividades da vida diaria establécese un baremo atendendo as características seguintes:

	<u>PUNTUACIÓN</u>
a.1.- non poder realizar só/a a limpeza da casa	0,5
a.2.- non poder lava-la roupa	0,5
a.3.- non poder face-la compra	0,5
a.4.- non poder face-las tarefas da cociña	1
a.5.- non poder saír da casa sen acompañantes	1
a.6.- non poder asearse sen axuda	1
a.7.- non poder vestirse sen axuda	1
a.8.- non poder levantarse ou sentarse sen axuda	1
a.9.- non poder andar só/a	1
a.10.- non poder comer só/a	1
a.11.- permanecer encamado	1,5

As circunstancias sinaladas neste baremo son acumulables e poder acadar unha puntuación máxima de 10 puntos.

B.- DE CONDICIONS SOCIO-FAMILIARES

	<u>PUNTUACION</u>
B.1.- carece de familiares	2
b.2.- non ten familiares vivindo cerca	0,5
b.3.- non ten familiares que se ocupen da súa atención	0,5
b.4.- non ten familiares con dispoñibilidade de tempo para a súa atención	0,5
b.5.- non ten familiares con capacidade persoal para súa atención	1
b.6.- a unidade familiar carece de capacidade para auto-organizarse	1
b.7.- te-la unidade familiar membros dependentes en risco de desatención	1
b.8.- vive nunha situación de relación familiar negativa e carece de autonomía para o seu desenvolvemento	1
b.9.- ten posibilidade doutra convivencia pero prefiere o seu domicilio	0,5
b.10.- a axuda que recibe de veciños/amigos/familiares non é suficiente para cubrir-las súas necesidades	0,5
b.11.- non hai outro recurso e /ou prestación social aplicable	1,5

As circunstancias contempladas neste baremo non son acumulables, no caso de presentarse máis dunha optarase pola de máis puntuación.

Por unidade de convivencia enténdese a formada por dúas ou máis persoas que convivan no mesmo domicilio, existan ou non vínculos de parentesco.

C.- DE CONDICIÓN ECONÓMICAS.- A efectos de cómputo de ingresos contabilizaranse aqueles que perciban todos e cada un dos membros da unidade de convivencia, xa sexan salarios, pensións, rendas, intereses, propiedades, prestacións públicas, etc....

Deduciranse do total de ingresos familiares mensuais os gastos de aluguer de vivenda ou amortización por compra da mesma.

ACCESO GRATUITO

Para acceder o Servizo Municipal de Axuda no Fogar de xeito gratuito, os ingresos económicos da Unidade de Convivencia non superaran as cuantías que se establecen a continuación:

Nº MEMBROS	INGRESOS MENSUAIS	RENTA PER CAPITA MENSUAL
1	56.990	56.990
2	81.925	40.962
3	103.905	34.635
4	138.540	34.635
5	173.175	34.635
6	207.810	34.635
7	242.445	34.635
8	277.080	34.635

D.- OUTROS FACTORES.- Resérvanse 5 puntos, podéndose ter en conta as seguintes situacións:

1. Convivencia no domicilio doutra persoa/as con discapacidade distinta á da solicitante.
2. Outras circunstancias:
 - Detriorio Psico-físico xeneralizado debido a avanzada idade do beneficiario.
 - Outros que se consideren oportunos e non están incluídos en ningunha valoración anterior.

CAPITULO VI.- PRESTACIÓNS.-

ART.11.- As prestacións que se ofrecen dende o Saf concretarásne nas seguintes atencións:

1. Atencións de carácter persoal: Engloban todas aquelas actividades que se dirixen o usuario do servizo cando este non poida realiza-las por sí mesmo ou cando precise:
 - ♣ Apoio no aseo e coidado persoal.
 - ♣ Axuda para comer.
 - ♣ Supervisión se procede da medicación simple descrita por persoal facultativo e do estado de saúde para a detección e comunicación de calquera cambio significativo.
 - ♣ Apoio a mobilización dentro do fogar.
 - ♣ Compañía.
 - ♣ Acompañamento fora para a realización de diversas xestións, tales como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.
 - ♣ Facilitación de actividades de ocio no fogar.
 - ♣ Outras atencións de carácter persoal non rrecollidas no apartados anteriores que poidan ser incluídas con carácter específico para acadar-la finalidade deste servizo.
2. Atencións de carácter psico-social e educativo: defínense as intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio o desenvolvemento das capacidades persoais, a efectividade, a convivencia e a integración na comunidade onde se desenvova a vida do usuario, así como o apoio a estruturación familiar. Inclúese accións específicas destinadas a reforzar-la autoestima persoal, hábito de recuperación da memoria e desrrolo ou aprendizaxe de novas habilidades sociais.
3. Atencións de carácter doméstico: Enténdese como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a:
 - ♣ A alimentación. Corresponderá, entre outros, os labores de compra, preparación de alimentos no fogar e se fai falla axuda para inxerila.
 - ♣ A roupa. Comprenderá as funcións de lavalas, pasarlle o ferro, cosela, ordenala, mercala, e outras análogas.
 - ♣ A limpeza e o mantmento da vivenda así como a realización de pequenas reparacións e outras tarefas que non impliquen a participación de especialistas.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuarioou doutras persoas do seu entorno inmediato.

Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispor ou proverse dos medios necesarios. No seu defecto, os servizos sociais competentes poderán xestiona-los recursos adecuados para que as ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente con determinados equipamentos.
4. Atención Sanitaria. Pequenas curas, masaxes e aplicacións de pomadas, control das tomas de medicación, sempre baixo a supervisión do persoal médico.

5. Atencións de carácter técnico e complementario. Refírense a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas a adecuación funcional do fogar.

ART. 12.-

1. A extensión e intesidade do SAF que poidan recoñecerse virá condicionada pola limitación dos orzamentos disponibles para este servizo. En todo caso non poderá ser inferior sin superior dos tempos reflexados no punto 2 deste apartado.

No caso de que exista máis demanda da que sexa posible atender, fixarase un orden de prelación.

O acceso ó servizo a partir da entrada en vigor do Regulamento, será segundo baremo establecido nas normas de procedemento.

Por razóns excepcionais, poderse prestar atencións inmediatas cando unha situación reciba a consideración de urxente, segundo o establece o artigo 9 da Orden 22.07.96 pola que se regula ó SAF.

2. O tempo de atención do servizo concedido a cada beneficiario non será inferior ás 6 horas mensuais nin de 30 minutos en cada xornada de prestación, nin superior ás dúas horas diarias, salvo circunstancias excepcionais de carácter temporal e debidamente xustificadas.

O horario de atención estará comprendido de luns a sábado entre as 8 horas e as 22 horas.

Os domingos e festas de lecer non se prestará servizo salvo no se prestará servizo salvo nos casos extraordinarios de urxente necesidade así como nos horarios nocturnos dende ás 22 horas ás 8 da mañá do día seguinte.

ART.13.- O usuario de o servizo poderá solicitar do Concello por informe da Traballadora Social do Concello a consideración de baixa temporal con reserva de praza nos seguintes casos:

- ♠ Por vacacións, se isto supón desprazamento fora do término Municipal de Caldas, durante 45 días ó ano que poderá dispoñer de xeito continuado ou en períodos pequenos.
- ♠ Por ingreso hospitalario mentras dure o mesmo e que no intre da alta continue coas mesmas circunstancias que lle conferiron a condición de usuario.
- ♠ Por contar temporalmente có apoio familiar que poida substituír-la prestación do SAF. No caso de que ese apoio supere os 31 días revisarase a situación por se procede a proposta de baixa definitiva.

ART. 14.- O desenvolvemento do SAF rexirase por unhas normas básicas que atañen tanto os traballadores coma os usuarios. Estas normas recóllense nun contrato que obrigatoriamente debe asinar o usuario ou titor co Concello.

ART. 15.- A extinción do servizo producirase por algunha das seguintes causas:

- ♠ Finamento do usuario.
- ♠ Ingreso definitivo do usuario nunha residencia.
- ♠ Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- ♠ Falla de colaboración da persoa ou familia no desenvolvemento do servizo.
- ♠ Non abonar a tarefa establecida como aportación do usuario durante un tempo máximo improrrogable de dúas cuotas mensuais
- ♠ Incumprimento das condicións do contrato
- ♠ Ocultación de datos. Neste caso de tratarse de datos económicos poderá conlevar-lo reintegro do 100% do custo do servizo dende a data de alta no mesmo.
- ♠ Baixa voluntaria
- ♠ Permanencia no fogar de familiares ou persoas obrigadas a prestarlle-la atención que poidan supoñela suspensión total ou parcial, temporal ou definitiva segundo o informe da Traballadora Social.
- ♠ Ausentarse do fogar o usuario, suporá a suspensión temporal ou definitiva segundo as circunstancias de dita ausencia, e previo o informe oportuno da Traballadora Social, excepto naqueles casos en que tratándose dunha hospitalización considérese necesario manter as labours de acompañamento persoal.
- ♠ Traslado definitivo da súa residencia a outro Municipio.

ART. 16.- No suposto da avaliación positiva da solicitude e no caso de non poder proporcionarlle o servizo de forma inmediata comunicaráselle o interesado a súa inclusión na lista de espera coa puntuación obtida.

A posición na lista de espera virá determinada pola puntuación obtida. Naqueles casos de igual puntuación darase prioridade a data da demanda.

A lista de espera será revisada nos seguintes supostos:

- a) A petición do demandante pola modificación das circunstancias iniciais.
- b) O demandantes que non solicitaran a súa revisión se lle fará de oficio o último mes de cada ano.

ART.17.- Cando se prevé a existencia de prazas no servizo o expediente someterase á aprobación da Comisión Municipal de Goberno polo Dpto. de Servizos Sociais. Asimesmo someterase o mesmo órgano os expedientes de denegación.

ART.18.- Nos casos excepcionais de necesidade que se poidan presentar de forma imprevista e que, polo tanto, sexan considerados urxentes, poderase escomenzar a prestar o servizo ó tempo que se tramita a solicitude correspondente sempre có informe social xustificativo.

CAPITULO VII.- FINANCIAMENTO

ART. 19.- O servizo de Axuda no Fogar financiarase coas achegas da Comunidade Autónoma e as propias do Concello, xunto coa aportación do usuario dacordo co establecido no artigo 12 do orde do 22 de xullo de 1996 reguladora do SAF no Comunidade Autónoma de Galicia. Os usuarios aportarán en función dos seus ingresos. Para determin-la posible aportación establécese o seguinte baremo, que ten en conta a Renta Per Cápita da Unidade Familiar, e a base do baremo será determinada pola contía do Salario Mínimo Interprofesional fixado cada ano polo organismo estatal correspondente.

TARIFAS: Na aplicación das tarifas contidas no presente apartado terase en conta a media da Unidade de Convivencia; para o que se aplicará a seguinte fórmula:

$$\text{Renda base} = \left(\frac{\text{ingresos da unidade de convivencia} - \text{aluguer da vivenda}}{\text{Nº persoas da unidade de convivencia}} \right)$$

Baremo Económico de aportación do usuario (SMI 69.270.-ptas):

Nº MEMBROS BENEFICARIO	INGRESOS MENSUAIS	APORTACIÓN
1	> 60.000	25%
	> 75.000	50%
	> 90.000	75%
	> 105.000	100%
2	> 82.000	25%
	> 97.000	50%
	> 112.000	75%
	> 127.000	100%
3	> 104.000	25%
	> 119.000	50%
	> 134.000	75%
	> 149.000	100%
4	> 139.000	25%
	> 154.000	50%
	> 169.000	75%
	> 184.000	100%
5	> 174.000	25%
	> 189.000	50%
	> 204.000	75%
	> 219.000	100%
6	> 208.000	25%
	> 223.000	50%
	> 238.000	75%
	> 253.000	100%

7	> 243.000	25%
	> 258.000	50%
	> 273.000	75%
	> 288.000	100%
8	> 278.000	25%
	> 293.000	50%
	> 308.000	75%
	> 323.000	100%

O custo da hora de servicio da axuda no fogar e de novecentas (900) pesetas.

Este baremo será de aplicación para servicios de carácter doméstico e técnico. No caso da Teleasistencia o aboamento refírese ó tanto por cento do custo mensual do servicio.

Art. 20.- Obrigación de pagamento. A obrigación de pagamento do usuario nace dende que comenza a prestación do SAF.

As liquidacións de precios faránse por meses naturais vencidos nas datas e lugar que dispoña o Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todos aqueles servicios que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da REFORMA E AMPLIACIÓN deste REGULAMENTO será respetados.

DISPOSICION DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local.